

A REVOLUCIÓN ESTÁ SERVIDA



NORMAS

- 1. Consensuaredes por enriba de todas as cousas**
- 2. Respectarás aos demais equipos e as súas quendas**

CONFORMACIÓN DOS EQUIPOS

Cada un/unha de vos teredes un papel dunha cor, e xuntédesvos coas persoas que teñan a mesma cor

COMO SE GAÑA O PREMIO?

Conseguindo o máximo número de puntos posible

E OS PUNTOS COMO SE CONSEGUEN?

Todos os equipos ides tirar o dado, comezando a xogar por orde do número máis alto ao máis baixo.

«A revolución está servida» conta con 6 categorías de xogo. Cando sexa a quenda de cada equipo, tirará o dado para ver que categoría lle toca.

Cada unha das 6 caras do dado corresponden a:

- 1. Real ou Fake?**
- 2. Ábrese o telón!**
- 3. Quen sabe, sabe!**
- 4. Teño arte nas veas!**
- 5. Rebobina! (tedes que volver tirar)**
- 6. A sorte chiscoume un ollo! (podedes escoller a categoría que queirades)**

E en que consiste cada un dos desafíos?

Ides ir sabéndoo sobre a marcha.

Primeiro escolledes categoría.

Segundo, a explicamos!

Tedes que **consensuar a solución, pero hai tempo limitado para decidir!**

Unha vez digamos ‘TEMPO!!!**’, tedes que dar unha resposta. Se non, a pregunta rebota a outro equipo! E no rebote ides ter aínda menos tempo para contestar!**

E como se colle o rebote?

Un clásico pedra-papel-tesoira a 3 bandas! Quen gañe, ten o rebote e pode contestar a pregunta.

E cantos puntos por cada pregunta?

Darémovos unha tarxeta vermella de 3 puntos cada vez que solucionedes un reto. E se ademais sabedes contestar correctamente ao PORQUÉ da resposta, tedes unha tarxeta extra! O equipo que máis tarxetas teña, gaña. Fácil, non?

Arrancamos!